

Disposición derradeira

Primeira.-A regulación contida nesta lei enténdese sen prexuízo do disposto na lexislación galega de emerxencias.

Segunda.-Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento regulamentario e a aplicación desta lei.

Terceira.-Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, nove de abril de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

A Lei estatal 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da fauna e flora silvestres establece a obriga das administracións públicas de adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación das especies da flora e da fauna que viven en estado silvestre no territorio español, prestando especial atención ás especies autóctonas. O artigo 21.2º desta lei sinala que as comunidades autónomas con competencia exclusiva en materia de espazos naturais protexidos, e con competencia para ditar normas adicionais de protección en materia de ambiente, poderán establecer, ademais das figuras de protección previstas na lei estatal, outras diferentes regulando as súas correspondentes medidas de protección.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no seu título II, da fauna e flora, establece as medidas necesarias para garantir a conservación dos hábitats naturais e das especies da flora e fauna, con especial atención ás especies autóctonas e ás ameazadas, para o que se crean o Catálogo Galego de Especies Ameazadas e o Rexistro de Especies de Interese Galego.

Doutra banda, esa norma galega considera que o interese científico, estético ou monumental e ornamental dalgúns exemplares existentes en Galicia, de calquera especie botánica autóctona ou foránea, ou de agrupacións destes, aconsella que as normas protectoras se fagan extensivas a este tipo de árbores, xa que constitúen un patrimonio cultural valioso, de interese público, e irrecuperable no caso da súa destrución.

En Galicia xa se teñen declarado tres Monumentos Naturais pola presenza de árbores monumentais coma son: «Fraga de Catasós», no Concello de Lalín (provincia de Pontevedra), na que medran castiñei-

ros dos máis grandes de Europa; «Souto da Retorta», no Concello de Viveiro (provincia de Lugo), que inclúe entre os seus exemplares o que probablemente sexa o eucalipto branco de maior tamaño dos cultivados no continente europeo; e o «Souto de Rozabales», no Concello de Manzaneda (provincia de Ourense), onde poden contemplarse castiñeiros de extraordinarias dimensións e beleza.

Pero con independencia de que os exemplares ou as agrupacións deles poidan atoparse en espazos protexidos ou se lles poidan aplicar réximes específicos de protección, como os de monumento natural ou paisaxe protexida, entre outros, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no seu artigo 52, procedeu á creación do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras de Galicia, no cal se incluírán aqueles exemplares ou mouteiras cuxa conservación sexa necesario asegurar polos seus valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos, sinalando que nos exemplares ou mouteiras incluídas no catálogo poderán levarse a cabo, logo de autorización da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, todo tipo de tratamentos silvícolas e actuacións encamiñadas á súa protección, conservación e mellora.

Procede, polo tanto, non só aprobar o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras no cal se establecerán as árbores e formacións singulares merecedoras dun ámbito especial de protección senón tamén regular o procedemento para a inclusión destas árbores e formacións no dito catálogo, coa finalidade de protexelos de posibles riscos e ameazas, garantindo a súa conservación.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e dous de marzo de dous mil sete,

DISPOÑO:**Capítulo I****Disposicións xerais****Artigo 1º.-Obxecto.**

Este decreto ten por obxecto aprobar o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, regular o procedemento para a inclusión destas árbores e formacións singulares no dito catálogo, así como establecer o réxime xurídico básico para as árbores e formacións que se inclúen nel.

Artigo 2º.-Árbores e formacións senlleiras.

Terán a consideración de senlleiras as árbores e as formacións de calquera especie, tanto autóctona como foránea, situadas en terreos de propiedade pública ou privada, que sexan merecentes de medidas específicas de protección en atención ás excepcionais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico

ou calquera outra circunstancia que as faga merecentes dunha especial protección.

Capítulo II

Catálogo Galego de Árbores Senlleiras

Artigo 3º.-Aprobación do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

Apróbase o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, como rexistro público de carácter administrativo dependente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no cal se inclúen todas aquelas árbores e formacións excepcionais merecentes de protección sinalados nos anexos I e II.

Artigo 4º.-Procedemento de catalogación e descatalogación.

1. A inclusión ou exclusión das árbores e das formacións de calquera especie no catálogo farase mediante orde da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2. A iniciación do procedemento de catalogación ou descatalogación farase de oficio pola consellería ou por instancia de parte.

3. Poderán instar o inicio do devandito procedemento as persoas propietarias das árbores ou formacións, outras administracións públicas, centros de investigación ou asociacións e entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza, mediante a presentación do modelo de solicitude de inclusión que figura no anexo III acompañado da memoria xustificativa e de toda a información adicional da súa condición de senlleiro.

Esta solicitude poderase presentar en calquera das dependencias sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes dirixiranse ao director xeral de Conservación da Natureza.

4. No caso de que a documentación presentada sexa insuficiente, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza requirirá o interesado, conforme prevé o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución ditada en tal sentido.

5. Previamente á catalogación daráselles audiencia ás persoas propietarias dos exemplares ou os seus representantes, e solicitarase informe ao Comité das Árbores Senlleiras.

6. Este procedemento terá un prazo máximo de seis meses contados:

-Naqueles procedementos iniciados de oficio pola Administración, a partir desde a data do acordo de iniciación.

-Naqueles procedementos iniciados por instancia de parte (as persoas propietarias particulares, outras administracións...,) desde a data en que a correspondente solicitude tivese entrada na consellería competente en materia de biodiversidade.

7. Transcorrido o prazo de seis meses referido no punto anterior sen que a Administración teña resolto o procedemento, haberá que atermarse en materia de silencio administrativo, ao disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. A iniciación do procedemento de catalogación dun exemplar ou formación implica que lle serán de aplicación, inmediata e provisionalmente, as medidas de protección establecidas neste decreto.

9. A descatalogación producirase coma consecuencia da morte biolóxica ou da perda dos valores que motivaron a súa inclusión.

Capítulo III

Comité das Árbores Senlleiras

Artigo 5º.-Creación do Comité das Árbores Senlleiras.

1. Crease o Comité das Árbores Senlleiras coma órgano consultivo da Dirección Xeral de Conservación da Natureza nesta materia.

2. Este comité constitúese como órgano de asesoramento en relación coas inclusións, exclusións e as diferentes actuacións que se levarán a cabo no contorno destes exemplares.

3. O Comité das Árbores Senlleiras estará formado polos seguintes membros:

-A Presidencia exerceraa a persoa encargada da Dirección Xeral da Conservación da Natureza.

-Unha persoa que represente a Dirección Xeral da Conservación da Natureza, que exercerá as funcións de secretaría.

-Unha persoa que represente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

-Unha persoa que represente a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

-Unha persoa que represente a cada unha das tres universidades galegas que elas mesmas designen.

-Unha persoa que represente o Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán.

-Unha persoa que represente as asociacións que teñan coma finalidade a protección, conservación ou divulgación das árbores senlleiras.

-Unha ou varias persoas expertas que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza considere necesario.

Artigo 6º.-Funcións do Comité das Árbores Senlleiras.

O Comité das Árbores Senlleiras terá particularmente as seguintes funcións:

a) Establecer os criterios de inclusión no catálogo, atendendo aos indicadores relacionados cos méritos recollidos no artigo 2º.

b) Propoñer a catalogación ou descatalogación das árbores e formacións senlleiras, con base en información debidamente documentada.

c) Emitir informe sobre as solicitudes de catalogación presentadas. Estes informes serán preceptivos e non vinculantes, e serán emitidos polo Comité das árbores senlleiras no prazo máximo de quince días desde a súa solicitude.

d) Emitir informe sobre os diferentes plans de xestión que se elaboren para cada un dos exemplares e formacións catalogados.

e) Aconsellar sobre as medidas de conservación e emitir informe sobre os diferentes tratamentos fitosanitarios que se leven a cabo.

Artigo 7º.-Funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras.

1. O comité reunirse ordinariamente con periodicidade anual ou de xeito extraordinario, cando sexa convocado polo seu presidente.

2. O réxime de funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras axustarase ao previsto no capítulo II do, título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Capítulo IV

Xestión, protección e aproveitamento

Artigo 8º.-Medidas de xestión.

1. Para as árbores e formacións senlleiras que o requiran elaboraranse plans de xestión encamiñados á súa conservación, restauración e mellora. Estes plans serán elaborados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza ou polas persoas propietarias dos terreos onde se asentán, debendo ser aprobados, neste último caso, pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Estes plans de xestión serán revisados coa periodicidade que neles se determine.

2. De ser necesario poderase establecer unha área de protección, que abranguerá o contorno inmediato das árbores, das mouteiras ou das formacións senlleiras. Esta área de protección establecerase nos plans de xestión sinalados no parágrafo anterior.

3. Cando as árbores ou formacións senlleiras se atopen dentro de espazos naturais protexidos, os plans rectores de uso e xestión ou os plans de conservación recollerán as medidas necesarias para a preservación destes elementos senlleiros.

Artigo 9º.-Protección.

1. As árbores e formacións senlleiras que se inclúan no catálogo considéranse protexidas para todos os efectos.

2. A protección implica a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente a súa integridade, a súa saúde e a súa aparencia. No caso de formacións naturais esta protección entenderase aplicable tamén a todo o seu cortexo florístico.

3. Os proxectos cuxa execución poida ameazar os valores naturais, culturais, científicos, didácticos ou doutra orde, de árbores ou formacións senlleiras necesitarán autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

4. A realización de actuacións coma podas ou tratamentos fitosanitarios, cando sexan necesarias para a conservación do propio exemplar ou cando exista un perigo para a saúde pública e a seguridade das persoas, necesitará autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Artigo 10º.-Réxime de axudas.

1. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderá establecer un réxime de axudas económicas encamiñadas á súa conservación, protección e mellora ou, se é o caso, para realizar tratamentos fitosanitarios ou silvícolas de mantemento.

2. Así mesmo, poderase subscribir coas persoas propietarias convenios, os cales se axustarán ao disposto na súa normativa de aplicación, en que se consideren aspectos relacionados co uso público destes elementos singulares como o réxime de visitas, o acondicionamento de accesos e outros.

Artigo 11º.-Aproveitamentos.

Nos exemplares ou mouteiras incluídos no catálogo poderán seguirse levando a cabo os aproveitamentos que sexan compatibles coa conservación dos valores polos que estes exemplares foron declarados, de acordo co artigo 52 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Artigo 12º.-Servidumes.

Segundo establece o artigo 28 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, poderanse declarar as servidumes necesarias para a instalación e conservación de sinais indicadores da condición de árbores e formacións senlleiras, incluídas nun espazo natural protexido dos previstos no artigo 9 da Lei 9/2001, do 21 de agosto.

Capítulo V

Infraccións e sancións

Artigo 13º.-Infraccións e sancións.

As infraccións administrativas cometidas contra o disposto neste decreto sancionaranse de acordo co que prevé a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e demais normativa que lles sexa de aplicación.

Artigo 14º.-Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador por incumprimento das obrigas establecidas neste decreto rexerase polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposicións adicionais

Primeira.-Cando se produza a morte biolóxica dun exemplar catalogado os seus restos conservarán a súa protección cando así o aconselle o seu interese científico, cultural ou histórico.

Segunda.

1. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia asumirá a propiedade e xestión dos elementos catalogados que lle sexan doados ou cedidos polas persoas propietarias, conforme cos termos previstos na Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da comunidade autónoma galega e no Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3/1985, do 12 de abril.

2. As transmisións onerosas inter vivos dos exemplares catalogados, incluídos nalgún dos espazos naturais protexidos previstos no artigo 9 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, estarán suxeitas aos dereitos de tanteo e retracto por parte da Administración autonómica. Estes dereitos exerceranse do xeito indi-

cado no artigo 27 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Terceira.-A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible actualizará de forma periódica o inventario do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para ditar cantas disposicións complementarias necesite o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e dous de marzo de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

ANEXO I

Árbores Senlleiras

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello
1A	«Perona» do Paseo da Ferradura	<i>Abies nordmanniana (Steven) Spach</i>	Paseo da Ferradura	Santiago de Compostela (C)
2A	Pradairo da Igrexa de Vilarpandín	<i>Acer pseudoplatanus L.</i>	Vilarpandín	Navia de Suarna (LU)
3A	«Pravia» de Vilalba	<i>Acer pseudoplatanus L.</i>	Praza Suso Gayoso	Vilalba (LU)
4A	Castiñeiro de Indias do Xardín Artístico de Padrón	<i>Aesculus hippocastanum L.</i>	Xardín Artístico de Padrón	Padrón (C)
5A	Ameneiro do Pazo de Maside	<i>Alnus glutinosa (L.) Gaertn.</i>	Pazo de Maside	Pantón (LU)
6A	Araucaria do Brasil do Parque de Caldas de Reis	<i>Araucaria angustifolia (Bertol.) O. Kuntze</i>	Parque de Caldas	Caldas de Reis (PO)
7A	Araucaria Araucana do Castelo de Soutomaior	<i>Araucaria araucana (Mol.) K. Koch</i>	Castelo de Soutomaior	Soutomaior (PO)
8A	Araucaria Excelsa da Casa de Tenreiro	<i>Araucaria heterophylla (Salisb.) Franco</i>	Casa Tenreiro	Pontedeume (C)
9A	Érbedo do Pazo de Mariñán	<i>Arbutus unedo L.</i>	Pazo de Mariñán	Bergondo (C)
10A	Calocedro do Pazo de Torrecedeira	<i>Calocedrus decurrens (Torr.) Florin</i>	Pazo de Torrecedeira	Redondela (PO)
11A	Camelia «Pantalóns» do Pazo de Lens	<i>Camellia japonica L.</i>	Pazo de Lens-Ames	Ames (C)
12A	Camelia do Pazo de Santa Cruz	<i>Camellia japonica L.</i>	Pazo de Santa Cruz	Vedra (C)
13A	Camelias do Pazo de Torres Agrelo	<i>Camellia japonica L.</i>	Pazo Torres de Agrelo	Redondela (PO)
14A	Matusalén de Camelias do Pazo de Castrelos	<i>Camellia japonica L.</i>	Pazo de Castrelos	Vigo (PO)
15A	Camelia Reticulada do Pazo de Oca	<i>Camellia reticulata Lindl.</i>	Pazo de Oca	A Estrada (PO)
16A	Camelia Sasanqua do Pazo de Torres Agrelo	<i>Camellia sasanqua Thunberg.</i>	Pazo Torres de Agrelo	Redondela (PO)
17A	Pacana de Illinois do Pazo de Mariñán	<i>Carya illinoensis (Wangenh.) C. Koch.</i>	Pazo de Mariñán	Bergondo (C)
18A	Castiñeiro da Capela	<i>Castanea sativa Mill.</i>	A Capela	Begonte (LU)
19A	Castiñeiro do Val da Fonte	<i>Castanea sativa Mill.</i>	O Val da Fonte	Folgoso do Courel (LU)
20A	Castiñeiro de Pumarínos	<i>Castanea sativa Mill.</i>	Souto de Rozabales	Manzaneda (OU)
21A	Castiñeiro do Mola	<i>Castanea sativa Mill.</i>	Souto de Mola	A Mezquita (OU)
22A	Castiñeiro da Ribeira	<i>Castanea sativa Mill.</i>	Souto da Ribeira	A Mezquita (OU)
23A	Castiñeiro do Souto da Ramígoa	<i>Castanea sativa Mill.</i>	Souto da Ramígoa	Nogueira de Ramuín (OU)
24A	Castiñeiro da Regadiña	<i>Castanea sativa Mill.</i>	A Regadiña	A Pobra de Trives (OU)
25A	Castiñeiros de Peninvello	<i>Castanea sativa Mill.</i>	Finca da Cerca	Xinzo de Limia (OU)
26A	Casuarinas da Alameda da Praza de Compostela	<i>Casuarina equisetifolia J.R. & G. Forst.</i>	Praza de Compostela	Vigo (PO)

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello
27A	Cedros do Himalaia dos Xardíns de Vicenti	<i>Cedrus deodara</i> (D. Don) G. Don	Xardíns de Vicenti	Pontevedra (PO)
28A	Cedro do Líbano do Pazo de Lourizán	<i>Cedrus libani</i> A. Rich.	Pazo de Lourizán	Pontevedra (PO)
29A	«Coroa de Cristo» do Xardín Histórico de Padrón	<i>Cercis siliquastrum</i> L.	Xardín artístico de Padrón	Padrón (C)
30A	Camecíparris de Lawson da Casa da Puebla	<i>Chamaecyparis lawsoniana</i> (A. Murr.) Parl.	Casa da Puebla do Incio	O Incio (LU)
31A	Camecíparris de Lawson do Castelo de Soutomaior	<i>Chamaecyparis lawsoniana</i> (A. Murr.) Parl.	Castelo de Soutomaior	Soutomaior (PO)
32A	Alcanforeiros do Pazo de Rubiáns	<i>Cinnamomum camphora</i> (L.) Siebold	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa (PO)
33A	Laranxo «Obsceno» do Pazo de Brandariz	<i>Citrus aurantium</i> L. var. <i>corniculata</i> Risso	Pazo de Brandaliz	Ortigueira (C)
34A	Criptomeria do Pazo de Santa Cruz	<i>Cryptomeria japonica</i> (L. f.) D. Don	Pazo de Santa Cruz	Vedra (C)
35A	Criptomeria do Castelo de Soutomaior	<i>Cryptomeria japonica</i> (L. f.) D. Don	Castelo de Soutomaior	Soutomaior (PO)
36A	Criptomeria Elegante do Pazo de Oca	<i>Cryptomeria japonica</i> (L. f.) D. Don <i>Elegans</i>	Pazo de Oca	A Estrada (PO)
37A	Cunninghamia do Pazo de Gondomar	<i>Cunninghamia lanceolata</i> (Lamb.) Hook. f.	Pazo de Gondomar	Gondomar (PO)
38A	Cunninghamia do Parque-Xardín de Caldas de Reis	<i>Cunninghamia lanceolata</i> (Lamb.) Hook. f.	Parque de Caldas	Caldas de Reis (PO)
39A	Ciprés de California da Misericordia	<i>Cupressus macrocarpa</i> Hartw.	Misericordia	Viveiro (LU)
40A	Ciprés de California do Pazo de Quintás	<i>Cupressus macrocarpa</i> Hartw.	Pazo de Quintás	Meis (PO)
41A	Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador	<i>Cupressus sempervirens</i> L. <i>Fastigiata</i>	Mosteiro de Samos	Samos (LU)
42A	Eucaliptos do Pazo de Mariñán	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Pazo de Láncaa ou Mariñán	Bergondo (C)
43A	Eucalipto da Casa de Reimunde	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Casa de Reimunde	Foz (LU)
44A	Avó do Eucalipto de Chavín	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Souto da Retorta	Viveiro (LU)
45A	Eucaliptos do Paseo da Ferradura	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Paseo da Ferradura	Santiago de Compostela (C)
46A	Eucaliptos do Pazo de Castrelos	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill.	Pazo de Castrelos	Vigo (PO)
47A	Eucalipto do Maná da Casa de Ordax	<i>Eucalyptus viminalis</i> Labill.	Casa de Ordax	Castro de Rei (LU)
48A	Faixas do Pazo de Castrelos	<i>Fagus sylvatica</i> L.	Pazo de Castrelos	Vigo (PO)
49A	Figueira do Meco	<i>Ficus carica</i> L.	Monte Siradella	O Grove (PO)
50A	Figueria da Casa-Museo de Rosalía de Castro	<i>Ficus carica</i> L.	Casa-Museo Rosalía de Castro	Padrón (C)
51A	Freixo de Folla Estreita de Montepando	<i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl.	O Val	Monforte (LU)
52A	Freixo de Porta	<i>Fraxinus excelsior</i> L.	Pista a Casa do Galo	Sobrado (C)
53A	Xinkgos do Pazo de Fonseca	<i>Ginkgo biloba</i> L.	Xardín do Pazo de Fonseca	Santiago de Compostela (C)
54A	Acivro do Pazo de Casanova	<i>Ilex aquifolium</i> L.	Pazo de Casanova	O Pino (C)
55A	Cocoteiro de Chile do Pazo de Meirás	<i>Jubaea chilensis</i> (Mol.) Baill.	Pazo de Meirás	Sada (C)
56A	Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Santa Cruz	<i>Liriodendron tulipifera</i> L.	Pazo de Ortigueira	Vedra (C)
57A	Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos	<i>Liriodendron tulipifera</i> L.	Pazo de Castrelos	Vigo (PO)
58A	Magnolia Grandiflora de Santa Rita	<i>Magnolia grandiflora</i> L.	Cuartel vello Garda Civil	Narón (C)
59A	Magnolias Grandifloras do Pazo de Rubiáns	<i>Magnolia grandiflora</i> L.	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa (PO)
60A	Magnolia Grandiflora do Pazo de Santa Cruz	<i>Magnolia grandiflora</i> L.	Pazo de Santa Cruz	Vedra (C)
61A	Metasecuia do Pazo de Lourizán	<i>Metasequoia glyptostroboides</i> H. Hu & Cheng	Pazo de Lourizán	Pontevedra (PO)
62A	Metrosideros Excelso do Xardín da Torre de Andrade	<i>Metrosideros excelsus</i> Soland. ex Gaertn.	Xardín da Torre de Andrade	Pontedeume (C)
63A	Metrosideros Excelso do Xardín da Policía da Coruña	<i>Metrosideros excelsus</i> Soland. ex Gaertn.	Xardín do Antigo Hospital	A Coruña (C)
64A	Oliveira do Paseo de Alfonso XII	<i>Olea europaea</i> L.	Paseo de Alfonso XII	Vigo (PO)
65A	Oliveiras do Cemiterio de Adina	<i>Olea europaea</i> L.	Cemiterio de Adina	Padrón (C)
66A	Palmeira Datileira do Mosteiro de Herbón	<i>Phoenix dactylifera</i> L.	Mosteiro de Herbón	Padrón (C)
67A	Ombú do Centro Cultural de Santa Cruz	<i>Phytolacca dioica</i> L.	Centro cultural Santa Cruz-Oleiros	Oleiros (C)
68A	Ombú do Pazo de Santa Cruz	<i>Phytolacca dioica</i> L.	Pazo de Ortigueira	Vedra (C)
69A	Piñeiro Bravo de Leiro	<i>Pinus pinaster</i> Ait.	Leiro	Pontedeume (C)
70A	Piñeiro Manso dos Candeiras	<i>Pinus pinea</i> L.	Lugar do Castro	Ponteareas (PO)
71A	Piñeiro Insigne do Castelo de Santa Cruz	<i>Pinus radiata</i> D. Don	Castelo de Santa Cruz	Oleiros (C)
72A	Plátano de Sombra do Pazo de Dompíñor	<i>Platanus hispanica</i> Mill. ex Munchh.	Pazo de Dompíñor	O Incio (LU)
73A	Douglasia Verde do Pazo de Casanova	<i>Pseudotsuga menziesii</i> (Mirb.) Franco	Pazo de Casanova	O Pino (C)
74A	Carballo Albar da Praza do Campo Quindous	<i>Quercus petraea</i> (Mattusch.) Liebl.	Quindous	Cervantes (LU)
75A	Rebolo da Praza do Campo de Quindous	<i>Quercus pyrenaica</i> Will	Quindous	Cervantes (LU)
76A	Rebolo do Pazo da Pena	<i>Quercus pyrenaica</i> Will	Pazo da Pena	Manzaneda (OU)
77A	Carballo de Pazo de Vilardefrancos	<i>Quercus robur</i> L.	Pazo de Vilar de Arcos	Carballo (C)

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello
78A	Carballo de Ramos	<i>Quercus robur L.</i>	Casa de Ramos	Taboada (LU)
79A	Carballo do Viño ou Carballo de Pelete	<i>Quercus robur L.</i>	O Pelete	A Lama (PO)
80A	Carballo da Capela de Santa Margarida	<i>Quercus robur L.</i>	Capela de Santa Margarida	Pontevedra (PO)
81A	Carballa da Rocha	<i>Quercus robur L.</i>	A Touza	Rairiz de Veiga (OU)
82A	Carballo do Pazo de Cartelos	<i>Quercus robur L.</i>	Pazo de Cartelos	Carballedo (LU)
83A	Carballo Grande de Bustelo de Abaixo	<i>Quercus robur L.</i>	Campo da Fonte	Carballedo (LU)
84A	Carballo da Casa do Herdeiro	<i>Quercus robur L.</i>	Casa de Herdeiro	Carballedo (LU)
85A	Carballos do Campo de Golf	<i>Quercus robur L.</i>	Campo de golf-Lugo	Lugo (LU)
86A	Carballo de Mede	<i>Quercus robur L.</i>	Bosque de Mede	Xermade (LU)
87A	Carballo da Casa Grande	<i>Quercus robur L.</i>	Praza do Carballo	Carballedo (LU)
88A	Carballo Grande do Mestre	<i>Quercus robur L.</i>	Á beira da N-540	Carballedo (LU)
89A	Carballo Grande de Reboreda	<i>Quercus robur L.</i>	Bosque de Caraveleira	A Porqueira (OU)
90A	Carballo Fastixiado do Pazo de Santa Cruz	<i>Quercus robur L. Fastigiata</i>	Pazo de Santa Cruz	Vedra (C)
91A	Carballo Fastixiado do Xardín Histórico de Padrón	<i>Quercus robur L. Fastigiata</i>	Xardín Artístico de Padrón	Padrón (C)
92A	Aciñeira de Covas	<i>Quercus ilex L. subsp. ballota (Desf.) Samp.</i>	Predio próximo ao cemiterio	Rubiá (OU)
93A	Sobreira de Valboa	<i>Quercus suber L.</i>	Os Hórreos	A Estrada (PO)
94A	Sobreira do Pazo de Valiñas	<i>Quercus suber L.</i>	Pazo de Valiñas	A Estrada (PO)
95A	Sobreira do Cristo de Arriba	<i>Quercus suber L.</i>	Praza pública	Redondela (PO)
96A	Sobreira da Casa do Tristo	<i>Quercus suber L.</i>	Casa do Tristo	A Pobra de Brollón (LU)
97A	Secuoias Vermellas do Xardín Histórico de Padrón	<i>Sequoia sempervirens (D. Don) Endl.</i>	Xardín Artístico de Padrón	Padrón (C)
98A	Secuoia Vermella do Castelo de Soutomaior	<i>Sequoia sempervirens (D. Don) Endl.</i>	Castelo de Soutomaior	Soutomaior (PO)
99A	Secuoia Xigante do Pazo do Casal	<i>Sequoiadendron giganteum (Lindl.) Buchh.</i>	Pazo do Casal	Bergondo (C)
100A	Taxodios do Xardín de Artime	<i>Taxodium disticum (L.) Rich.</i>	Xardín de Artime	Vilagarcía de Arousa (PO)
101A	Teixo do Pazo de Baldomir	<i>Taxus baccata L.</i>	Pazo de Baldomir	Bergondo (C)
102A	Teixo da Igrexa de Córneas	<i>Taxus baccata L.</i>	Cemiterio	Baleira (LU)
103A	Teixo da Casa de Tenreiro	<i>Taxus baccata L.</i>	Casa de Tenreiro-Pontedeume	Pontedeume (C)
104A	Tuía Xigante do Pazo de Torres Agrelo	<i>Thuja plicata Don ex D. Don</i>	Pazo de Torres de Agrelo	Redondela (PO)
105A	Tileiro Prateado da Alameda do Campo da Estrela	<i>Tilia tomentosa Moench</i>	Alameda do Campo da Estrela	Santiago de Compostela (C)
106A	Washingtonias Robustas do Pazo de Santa Cruz	<i>Washingtonia robusta H.Wendl.</i>	Xardín do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla	Vedra (C)

ANEXO II

Formacións senlleiras

Código	Nome da formación	Especie	Lugar	Concello
1F	Buxal da Casa da Botana	<i>Buxus sempervirens L.</i>	Casa da Botana	Arzúa (C)
2F	Buxal do Pazo de Santa Cruz	<i>Buxus sempervirens L.</i>	Pazo de Santa Cruz	Vedra (C)
3F	Buxal do Pazo de Oca	<i>Buxus sempervirens L.</i>	Pazo de Oca	A Estrada (PO)
4F	Castiñeiros Xaponeses e Chineses do Pazo de Lourizán	<i>Castanea crenata Sieb. & Zucc.; Castanea mollissima Blume Mill.</i>	Pazo de Lourizán	Pontevedra (PO)
5F	Fraga de Catasós	<i>Castanea sativa Mill.; Quercus robur L.</i>	Pazo de Quintela	Lalín (PO)
6F	Souto de Rozabales	<i>Castanea sativa Mill.</i>	Souto de Rozabales	Manzaneda (OU)
7F	Carreira de Eucaliptos do Pazo de Barrantes	<i>Eucalyptus globulus Labill.</i>	Pazo de Barrantes	Ribadumia (PO)
8F	Eucaliptos do Pazo de Rubiáns	<i>Eucalyptus globulus Labill.</i>	Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa (PO)
9F	Souto da Retorta	<i>Eucalyptus globulus Labill.</i>	Souto da Retorta	Viveiro (LU)
10F	Cipreses de California do Xardín do Malecón	<i>Cupressus macrocarpa</i>	Xardín do Malecón	Ortigueira (C)
11F	Mirtos do Pazo de Mariñán	<i>Myrtus communis L.</i>	Pazo de Mariñán	Bergondo (C)
12F	Retícula de Oliveiras do Pazo de Santa Cruz	<i>Olea europaea L.</i>	Pazo de Santa Cruz	Vedra (C)
13F	Palmeiral Canario dos Xardíns de Méndez Núñez	<i>Phoenix canariensis Hort. ex Chabaud</i>	Xardíns de Méndez Núñez	A Coruña (C)
14F	Palmeira do Senegal do Xardín Artístico de Padrón	<i>Phoenix reclinata Jacq.</i>	Xardín Artístico de Padrón	Padrón (C)
15F	Plátanos de Sombra do Pazo de Mariñán	<i>Platanus hispanica Mill ex Muenchh.</i>	Pazo de Mariñán	Bergondo (C)
16F	Plátanos de Sombra do Paseo do Espolón de Padrón	<i>Platanus hispanica Mill ex Muenchh.</i>	Paseo do Espolón	Padrón (C)
17F	Carballeira de Caldas de Reis	<i>Quercus robur L.</i>	Parque de Caldas	Caldas de Reis (PO)
18F	Carballeira de San Lourenzo de Trasouto	<i>Quercus robur L.</i>	San Lourenzo	Santiago (C)
19F	Teixedal de Casaio	<i>Taxus baccata L.</i>	Teixedal de Casaio	Carballeda de Valdeorras (OU)
20F	Cerreira dos Tileiros do Pazo de Oca	<i>Tilia platyphyllos Scop.</i>	Pazo de Oca	A Estrada (PO)
21F	Olmos do Xardín de San Carlos	<i>Ulmus x hollandica Mill.</i>	Xardín de San Carlos	A Coruña (C)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Conselleiro

ANEXO III

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO CATÁLOGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA804A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---	--------------------------------

Número de solicitude

SOLICITANTE 			
ENDEREZO 	PROVINCIA 	CONCELLO 	
TELÉFONO 	FAX 	CORREO ELECTRÓNICO 	

ESPECIES 	
LUGAR 	
PROVINCIA 	CONCELLO
ACCESO 	

DESCRIPCIÓN 	
MOTIVO DA CATALOGACIÓN (rareza, tamaño, porte, importancia histórica, cultural, ...) 	
ESBOZO:	Diámetro a 1.30m (d): Altura total (h): Idade estimada:

OBSERVACIÓNS
--

PROPIETARIO 			
ENDEREZO 	PROVINCIA 	CONCELLO 	
TELÉFONO 	FAX 	CORREO ELECTRÓNICO 	

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 67/2006, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA 	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____ / ____ / ____ DATA DE EFECTOS ____ / ____ / ____ DATA DE SAÍDA ____ / ____ / ____

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 4 de abril de 2007 pola que se ditan normas para a cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para misións de protección civil aos concellos e mancomunidades de concellos galegos.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigo 25.2º, letra c), así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (artigos 80, 81 e 82) determinan que o concello, como entidade básica da organización territorial do Estado, é a vía de participación dos seus cidadáns en diferentes materias e, entre elas, a protección civil, xa que, ante unha situación de emerxencia que poida poñer en perigo a vida dos cidadáns ou as súas pertenzas, o concello será o primeiro en actuar, tanto en tempo de resposta como en mobilización de recursos.

Así mesmo, a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, establece a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns á protección civil a través de organizacións que se orientarán, principalmente, á colaboración e apoio en situacións de emerxencia, actividade fundamentalmente desenvolvida polas agrupacións de voluntarios de protección civil.

Conforme o Decreto 578/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspóndelle a esta consellería, entre outras competencias, as de protección civil.

De acordo co Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, a Administración autonómica colaborará na dotación de medios e recursos necesarios á Administración local para a súa actuación en materia de protección civil.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, consciente da magnitude e transcendencia dos valores que están en xogo nas situacións de emerxencia, así como das necesidades que se xeran e os recursos humanos e materiais que é preciso mobilizar, quere dotar dos medios axeitados os concellos para o cumprimento dos seus labores en materia de protección civil.

De acordo co exposto, preténdese por medio desta orde regular o procedemento e os requisitos para a cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para misións de protección civil aos concellos e mancomunidades de concellos da Comunidade Autónoma galega.

Por todo isto,

DISPÓNO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para colaborar cos concellos galegos na mellora da eficacia das súas actuacións en materia de

protección civil e emerxencias e equipar cun medio necesario a protección civil, cederalles en propiedade vehículos todo terreo aos concellos e mancomunidades de concellos galegos que contén con Servizo Municipal de Protección Civil ou Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, que estea inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

Artigo 2º.-Crédito.

Para a consecución do obxectivo a que se refire esta orde, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza destinará ata un límite de 388.080 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.212A.624.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2007, que se dedicarán á adquisición de vehículos todo terreo para cedérllelos en propiedade aos concellos e mancomunidades de concellos.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar estas axudas os concellos galegos e as mancomunidades de concellos que cumpran as seguintes condicións:

a) Contar con Servizo Municipal de Protección Civil ou ben dispoñer de agrupación de voluntarios de Protección Civil inscrita no rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

b) Que nos seus orzamentos anuais dispoñan dunha cantidade destinada a funcións de protección civil.

c) Que o concello ou mancomunidad teña elaborado ou estea elaborando o PAM e/ou PEMU. No suposto de estar elaborando o PAM e/ou PEMU, o concello ou mancomunidad deberá ter redactado, polo menos, os traballos básicos, que abranguen necesariamente os seguintes aspectos: análise histórica de sucesos, descrición xeográfica e análise básica dos riscos do concello.

d) Que teñan presentadas as contas da entidade local correspondentes ao exercicio orzamentario 2005 no Consello de Contas de Galicia no momento da solicitude. No caso de mancomunidades de concellos, deberá entenderse este requisito para cada un dos concellos que a integran.

e) Que non recibisen axudas por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o mesmo fin nos últimos seis anos.

No caso das mancomunidades de concellos, deberán prestarse os servizos de emerxencia e protección civil de xeito mancomunado. A presentación de solicitude de forma mancomunada é incompatible coas solicitudes dos concellos que a compoñen individualmente.

En calquera caso, a entidade solicitante deberá comprometerse no momento da solicitude a aceptar a cesión do material que se lles conceda con cargo a esta orde.

Artigo 4º.-Solicitude.

1. Os interesados en acollerse aos beneficios concedidos nesta orde presentarán a súa solicitude, no prazo de trinta días naturais contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, empregando o modelo que se indica no anexo I desta orde, no rexistro xeral das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas